

# ANPA MIFASOL

## CMUS Profesional da Coruña

---

CMUS Profesional da Coruña. PRAZA DO CONSERVATORIO S/N. 15011 A CORUÑA  
[anpa.cmus.coruna@gmail.com](mailto:anpa.cmus.coruna@gmail.com)

CIRCULAR 01/2024

### PROCESO DE RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DO ANPA MIFASOL

A ANPA MIFASOL, vai renovar a Xunta Directiva segundo establecen os Estatutos da Asociación de Nais e Pais do Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

Este proceso de renovación da ANPA MIFASOL foi aprobado por unanimidade en reunión de Xunta Directiva celebrada o 19 de xuño de 2018.

Así mesmo, lembramos que **SÓ PODERÁN PRESENTAR A SÚA CANDIDATURA E VOTAR AQUELES SOCIOS/AS QUE O SEXAN ANTES DA FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**; isto é, que cumpran coas obrigas dos socios/as da asociación e estean ao corrente do pago das cuotas.

### CANDIDATURAS EN LISTAS ABERTAS

Segundo establecen os Estatutos do ANPA MIFASOL, a renovación da Xunta Directiva farase en Asemblea Xeral Extraordinaria, mediante listas abertas, renovando como máximo a metade dos actuais membros. No proceso a desenvolver neste curso, cumpre renovar os cargos de Vicepresidenta/e, Secretaria/o e Tesoureira/o.

A Asemblea Xeral Extraordinaria elixirá os membros da Xunta Directiva e posteriormente a propia Xunta Directiva designará os cargos correspondentes.

### PROCESO DE RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

- Todos aqueles/as socios/as da ANPA interesados/as en presentar a súa candidatura persoal para formar parte da Xunta Directiva, poderán facelo enviando debidamente cumprimentado o "MODELO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA" que se achega, ao correo electrónico do ANPA ([anpa.cmus.coruna@gmail.com](mailto:anpa.cmus.coruna@gmail.com)), nas datas indicadas no calendario.
- Ao remate do prazo establecido para a presentación das candidaturas persoais, a actual Xunta Directiva confeccionará a Lista Aberta cos candidatos/as e estará exposta no TABOLEIRO DA ANPA do Centro, ata o día da Asemblea Xeral Extraordinaria.
- Rematado o prazo de publicación das candidaturas, se convocará Asemblea Xeral Extraordinaria na que os asistentes que cumpran coas obrigas dos socios/as da asociación e estean ao corrente do pago das cuotas, poderán votar para a renovación da Xunta Directiva.

O voto será presencial e cada socio/a con dereito a voto, poderá elixir na Lista Aberta, ata 8 candidatos. Precisarase DNI.

# ANPA MIFASOL

## CMUS Profesional da Coruña

---

CMUS Profesional da Coruña. PRAZA DO CONSERVATORIO S/N. 15011 A CORUÑA  
[anpa.cmus.coruna@gmail.com](mailto:anpa.cmus.coruna@gmail.com)

CIRCULAR 01/2024

### CALENDARIO DO PROCESO DE RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DO ANPA MIFASOL

- 29 de outubro: comunicado aos socios do proceso.
- Dende as 00:00 h do 30 de outubro ata as 24:00 h do 3 de novembro (5 días naturais): prazo de presentación de candidaturas persoais.
- 4 de novembro: confección da Lista Aberta de candidaturas.
- Do 4 de novembro ao 11 de novembro: exposición da Lista Aberta de candidaturas.
- 12 de novembro: Asemblea Xeral Extraordinaria. Votación para a elección dos membros da Xunta Directiva.

Para resolución de dúbidas ou aclaracións, poden facelo a través do mail:  
[anpa.cmus.coruna@gmail.com](mailto:anpa.cmus.coruna@gmail.com)

En A Coruña, asinado electrónicamente pola Presidenta da ANPA MiFaSol

# ANPA MIFASOL

## CMUS Profesional da Coruña

CMUS Profesional da Coruña. PRAZA DO CONSERVATORIO S/N. 15011 A CORUÑA  
anpa.cmus.coruna@gmail.com

### MODELO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PARA CONFECCIONAR A LISTA ABERTA PARA A RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DO ANPA MIFASOL

DATOS DO SOCIO/A (NAI OU PAI) QUE SE PRESENTA
- NOME E APELIDOS:
- DNI:
- TELÉFONO:
- CORREO ELECTRÓNICO:
DATOS DO FILLO/S OU FILLA/S (MATRICULADOS NO CENTRO)
- NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A:
- INSTRUMENTO/CURSO:

Este documento enviarase ao correo electrónico da ANPA, no prazo establecido (as 00:00 h do 30 de outubro ata as 24:00 h do 3 de novembro do ano actual).

O candidato/a que se presenta autoriza a ANPA MIFASOL á publicación da súa candidatura xunto cos datos aportados a tal efecto por parte da ANPA, no Centro, favorecendo o coñecemento das candidaturas polos socios/as con dereito a voto no proceso electoral en curso.

En A Coruña, a .....de.....de 20...

Asdo socia/o.

\*En cumprimento de lo dispuesto por la Ley Orgánica 3/2014, de 5 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) y garantía de derechos digitales, se le informa de que sus datos de carácter personal serán incorporados en un fichero propiedad del ANPA MIFASOL del Conservatorio Profesional de Música de A Coruña con dirección en Plaza del Conservatorio, s/n de A Coruña.

ANPA MIFASOL garantiza la adopción de las medidas de seguridad oportunas para garantizar el tratamiento confidencial de dichos datos. Podrá ejercer, en su caso, los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición al tratamiento de sus datos personales, en los términos y condiciones previstos en LOPD mediante carta dirigida a la Junta Directiva de la ANPA.